

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O IGAPE E A ENTIDADE COLABORADORA CAMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA, SERVICIOS Y NAVEGACIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A XESTIÓN DE AXUDAS RELATIVAS AO PLAN FOEXGA 2019-2020**

Dunha parte, Don Juan Manuel Cividanes Roger, director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), con CIF Q 6550010J, domiciliado en Complexo Administrativo San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela. Está facultado para este acto en virtude da delegación de facultades do 23 de decembro de 2016 do Presidente del Igape, feita pública mediante Resolución do 25 de xaneiro de 2017 (DOG nº 23, do 2 de febreiro de 2017).

Doutra parte, José Sierra Fernández, con NIF 33756749V, actuando en nome e representación da entidade CAMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA, SERVICIOS Y NAVEGACION DE SANTIAGO DE COMPOSTELA con NIF Q1573004G, debidamente facultado para subscribir este convenio,

### **EXPOÑEN:**

I. Que o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) acordou realizar unha selección de entidades colaboradoras para o Plan Foexga 2019-2020, estas entidades colaboradoras actuarán de ligazón entre o Igape e as empresas beneficiarias das axudas deste Plan.

II. Que ambas as partes consideran que, por razóns de eficacia na xestión e co fin de conseguir unha mellor prestación de servizos aos beneficiarios das axudas, e de conformidade cos artigos 9 e 13 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, acordan subscribir o presente convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira. *Obxecto da colaboración*

O presente convenio ten por obxecto definir os termos de colaboración entre a entidade CAMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA, SERVICIOS Y NAVEGACION DE SANTIAGO DE COMPOSTELA e o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), de acordo coa Resolución do 30 de novembro 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o desenvolvemento do Plan Foexga 2019-2020, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020, así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión (DOG núm.235, do 11 de decembro de 2018) (en diante, "as bases reguladoras do Plan Foexga 2019-2020").

### Segunda. *Condicións das actuacións, axuda do Igape e procedemento de tramitación.*

As condicións das actuacións e gastos subvencionables, os requisitos dos beneficiarios e das entidades colaboradoras, a axuda do Igape e o procedemento de tramitación das solicitudes, a dotación orzamentaria, a xustificación e o aboamento da subvención, modificacións, incumprimentos e reintegros, establécense nas mencionadas bases reguladoras da axuda.

### Terceira. *Entidade colaboradora*

A entidade CAMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA, SERVICIOS Y NAVEGACION DE SANTIAGO DE COMPOSTELA é unha entidade colaboradora que cumpre co establecido nos artigos 6 e 7 das bases reguladoras do Plan Foexga 2019-2020.

### Cuarta. *Obrigas da entidade colaboradora*

A entidade colaboradora obrígase, ademais de ao establecido no artigo 6 das bases reguladoras do Plan Foexga, sen prexuízo do disposto no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao seguinte:

- a) Divulgar a liña de axudas do Igape e darlle publicidade ao Plan Foexga.
- b) Desenvolver os procedementos necesarios para o bo fin da tramitación das subvencións, poñer

todos os medios dispoñibles para facilitarlles o acceso a esta liña de axudas ás empresas beneficiarias e colaborar na difusión deste Plan.

c) Cumprir as obrigas previstas para as entidades colaboradoras no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) Comprobar o cumprimento das condicións ou requisitos establecidos nas bases reguladoras para que as empresas solicitantes en participar na acción obteñan a condición de beneficiaria, así coma a corrección da documentación que se lles esixe para percibir a subvención.

e) Tramitar ante o Igape as solicitudes de axuda. A tramitación destas solicitudes será unicamente telemática, para o que é necesaria a firma dixital das persoas para tal efecto designadas, así coma a provisión por parte da entidade colaboradora dos medios técnicos necesarios (ordenador convenientemente configurado, escáner, conexión a internet, etc).

f) Deixar clara constancia nos seus rexistros contables das actuacións subvencionadas así como dos importes aboados polo Igape, de acordo co establecido no artigo 13.2.j) da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

g) Conservar a documentación xustificativa dos gastos durante un prazo de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas nas que estean incluídos os gastos definitivos da operación concluída.

h) Cumprir as normas sobre confidencialidade de datos, concretamente a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e as normas que as desenvolvan.

i) Reintegrar as cantidades percibidas no suposto de incumprimento dos requisitos e das obrigas establecidas para a concesión da subvención e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

j) Subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita lei.

#### *Quinta. Compromisos da entidade colaboradora*

A entidade colaboradora comprométese a:

- a) Coñecer o contido das bases reguladoras do Plan Foexga e deste Convenio e cumprir cos requisitos establecidos neles.
- b) Ter o domicilio social ou un centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Consente expresamente a utilización de medios electrónicos na comunicación entre as entidades colaboradoras e o Igape segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
- d) Non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de entidade colaboradora recollidas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- e) Comunicar ao Igape calquera variación que se poida producir nos datos recollidos nos documentos presentados.
- f) Autorizar ao órgano xestor para que solicite a información necesaria en relación ao seu NIF e IAE da entidade colaboradora, ou ben anexa copia do seu NIF e IAE a este convenio.
- g) Autorizar ao órgano xestor para que solicite a información necesaria para coñecer se o solicitante da adhesión está ao día nas súas obrigacións coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Tesourería da Seguridade Social e coa Facenda da administración da Comunidade Autónoma de Galicia, ou ben anexar copia da certificación xustificativa de estar ao día coas súas obrigacións cos organismos sinalados anteriormente.

#### *Sexta. Obrigas do Igape*

O Igape obrígase a aboar por cada actuación aprobada e debidamente xustificada ao abeiro deste convenio e das bases reguladoras da axuda, a prol da empresa beneficiaria, a través da entidade colaboradora adherida, o importe da axuda que corresponda segundo as bases reguladoras do Plan Foexga 2019-2020.

#### *Sétima. Control*

Tanto as entidades colaboradoras, como as empresas beneficiarias, quedan obrigados a someterse ás actuacións de control que se efectúen por parte do Igape ou polos órganos internos ou externos de control da Comunidade Autónoma de Galicia, así como ás dos servizos financeiros

da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo e ás verificacións do artigo 125 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Consello, para verificar o cumprimento dos requisitos e finalidades das operacións acollidas a este convenio e sométense ao réxime de infraccións e sancións establecido no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### *Oitava. Publicidade dos datos*

De conformidade co previsto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006 de 20 de xullo polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o Igape e a Consellería de Economía, Emprego e Industria incluírán as axudas concedidas ao abeiro das bases reguladoras e as sancións, que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a súa remisión ás entidades colaboradoras para os efectos da aprobación da operación, e a referida publicidade.

#### *Novena. Procedementos internos para a tramitación de operacións*

As partes adheridas ao convenio comprométense a seguir as normas de procedemento interno que se establezan, no seu caso, necesarias para asegurar a maior axilidade na tramitación dos expedientes, dentro do respecto á legalidade e á súa normativa propia.

En particular, o Igape resérvase a potestade de introducir modificacións no funcionamento e na recollida de datos da Oficina Virtual, co obxecto de mellorar a efectividade das interaccións entre entidades ou as actuacións de control que son propias do seu papel no convenio.

#### *Décima. Denuncia do convenio*

Será causa suficiente para a resolución do presente convenio o incumprimento por unha das partes de calquera das súas cláusulas, previa denuncia da outra cun mínimo de 30 días de aviso previo. A resolución suporá en todo caso deixar atendidas fronte aos beneficiarios as obrigas xa legalmente contraídas polas dúas partes.

#### Décimo primeira. *Natureza*

Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que queda fóra do ámbito da súa aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse. Rexerase polas súas propias cláusulas e, supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo. As dúbidas que poidan xurdir en relación coa interpretación e cumprimento do convenio resolveranse polo director xeral do Igape, sen prexuízo da competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

#### Décimo segunda. *Vixencia*

O convenio entrará en vigor o día da súa sinatura polo director xeral do Igape e estenderá a súa vixencia ata o 31/12/2020 sen prexuízo das prórrogas, que, se é o caso, así se pactasen por acordo expreso das partes, unha vez tramitadas as habilitacións oportunas.

#### Décimo terceira. *Remisión normativa*

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, no acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares (DOG nº 82, do 30 de abril), na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no resto da normativa que resulte de aplicación.

En canto ao cómputo de prazos, estarase ao disposto no artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Data, firma e selo:

-----

O director xeral do Igape:

Data, firma e selo:

17/12/2018

O/A representante legal da entidade colaboradora

D. Juan Manuel Cividanes Roger

JOSE SIERRA FERNÁNDEZ



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPREGO E INDUSTRIA



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo de  
Desenvolvemento Rexional  
*"Unha maneira de facer Europa"*

